

Desde o 24 de agosto de 2006, Plutón queda fóra da lista e pasa a ser un "planeta enano". O Sistema Solar pasa a ter 8 planetas. A Unión Astronómica Internacional (UAI) excluíu en Praga a Plutón como un planeta de pleno dereito do Sistema Solar, tras longas e intensas controversias sobre esta resolución.

Coa decisión votada por unanimidade no pleno da XXVI asemblea xeral de UAI redúcese o número de planetas no Sistema Solar de nove a oito.

O pequeno tamaño de Plutón levou aos membros da IAU a excluílo definitivamente da súa nova definición de planeta. Finalmente, a IAU (Unión Astronómica Internacional) decidiu que o número de planetas do noso Sistema Solar non se ampliará a 12, como se propuxo na reunión que mantiveron os seus membros en Praga, senón que debe reducirse de 9 a 8.

O grande prexudicado desta nova orde cósmica é, novamente, o polémico Plutón, o pequeno tamaño da cal levou aos membros da IAU a excluílo definitivamente da súa nova definición de planeta.

Tras ser coñecido como un planeta por dereito durante decenas de anos, Plutón deberá conformarse coa súa nova denominación de "planeta anano".

¿Que é un planeta?

Segundo a resolución adoptada, precedida por dous anos de debates e dez días de controvertidas sesións na capital checa, resolveu que os planetas e os seus corpos no noso Sistema Solar se definen en tres categorías, do seguinte xeito:

Primeira categoría: "Un planeta é un corpo celeste que está en órbita arredor do Sol, que ten suficiente masa para ter gravidade propia para superar as forzas ríxidas dun corpo de maneira que asuma unha forma equilibrada hidrostática, é dicir, redonda, e que espexou as inmediacións da súa órbita".

Segunda categoría: "Un planeta anano é un corpo celeste que está en órbita arredor do Sol, que ten suficiente masa para ter gravidade propia para superar as forzas ríxidas dun corpo de maneira que asuma unha forma equilibrada hidrostática, é dicir, redonda; que non despexou as inmediacións da súa órbita e que non é un satélite".

Terceira categoría: "Todos os demais obxectos que orbitan arredor do Sol son considerados colectivamente como corpos pequenos do Sistema Solar.